

## PEZA DO MES

maio

2020



**OLA**  
**CASTRO DE SAN CIBRAO DE LAS**

**XUNTA DE GALICIA**



ORTOFOTOGRAFÍA DE SAN CIBRAO DE LAS COAS ÁREAS ESCAVADAS POLO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL DE OURENSE NAS CAMPAÑAS DE 1987 E 1992, ARREDOR DA PORTA OESTE DO SEGUNDO RECINTO

## Ola. Castro de San Cibrao de Las

A ola que presentamos procede do xacemento de San Cibrao de Las. San Cibrao de Las ou «A Cidade» está situado en Cenlle (Ourense), e ocupa aproximadamente unha superficie que abrangue 10 ha dun outeiro na confluencia entre os ríos Barbantiño e Miño, a unha altitude de 470 m. Este xacemento constitúe un punto de referencia para estudar o cambio de era en Galicia. As investigacións en San Cibrao de Las iníciáanse en 1921, cando Florentino López Cuevillas e Vicente Risco visitan o xacemento. Como resultado desta visita, no ano 1922 realízanse unha serie de catas na acrópole, durante as que se localizan xa algunhas estruturas. Durante a década de 1920, sucédense varias intervencións destinadas a definir o xacemento. Aparecen, no segundo recinto, varias estruturas habitacionais e un alxibe. Os resultados destas primeiras escavacións foron publicadas na revista *Nós* e no *Boletín da Real Academia Galega*.

O xacemento organízase en dous recintos máis ou menos concéntricos, con elementos complementarios nalgúns puntos, como un terceiro recinto no lado oeste. As portas principais sitúanse nos lados leste e oeste das murallas. Na acrópole ou recinto superior, atopáronse algunhas estruturas, pero a ocupación situaríase no segundo recinto, no que aparecen estruturas redondeadas e rectangulares que se agrupan en unidades habitacionais ou barrios distribuídos arredor das rúas principais.


A peza que tratamos foi recuperada na campaña de escavación de 1992, levada a cabo polo equipo do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, no barrio localizado na ladeira oeste, ao redor da porta da muralla e a rúa empedrada que sobe cara a acrópole. Esta campaña continúa os traballos do mesmo equipo iniciados no ano 1987, que actúa nestas mesmas unidades habitacionais onde xa interviñeran previamente Florentino López Cuevillas e Xoaquín Lorenzo. Non coñecemos a estrutura concreta ou a unidade estratigráfica á que pertence esta peza.

### Descrición da peza

A ola analizada é de tamaño medio, cunha forma globular. O diámetro no bordo é de 2 cm, unha medida moi frecuente neste tipo de pezas. O bordo é exvasado, facetado e lixeiramente cóncavo, cun labio redondeado. Como xa dixemos, o corpo é globular, con certa tendencia piriforme; é dicir, que o punto máis amplo da barriga se localiza na parte media/baixa. O fondo é plano, como é propio deste tipo. Na barriga conserva o arrinque dunha asa de cinta que une o labio coa parte media da barriga. Nesta peza concreta, a asa reintegrouse cuns leves rebordos laterais e unha depresión central, características que aparecen frecuentemente nesta forma. O acabado exterior é un simple alisadamento, bastante perdido xa, debido ao uso da peza, quizais en tarefas relacionadas co procesamento e consumo de alimentos. Igualmente, é unha peza lisa, xa que carece de decoración, máis alá deste alisadamento.

### Análise tipolóxica

Esta peza encádrase dentro do chamado grupo de olas en «s», que reciben o seu nome pola forma sinuosa do perfil. Este perfil está determinado porque a unión entre o bordo e a barriga non se realiza a través dun colo cilíndrico ou con tendencia cilíndrica, senón dunha curva, cun ángulo máis agudo ou máis amplo, que lles outorga ás pezas o seu xa mencionado aspecto sinuoso.



VASILLAS DE SAN CIBRAO DE LAS, DO MESMO TIPO QUE A PEZA QUE PRESENTAMOS

Dentro deste grupo de olas con perfil en «S», a peza de San Cibrao de Las encadraríase dentro dunha das variantes máis frecuentemente encontradas. Son xeralmente vasillas baixas e achaparradas, con bordos exvasados (flexionados ou facetados) con diámetros que oscilan entre os 12 e os 14 cm. Os corpos son globulares ou piriformes. Pódense encontrar na bibliografía como olas ou cuncas, pola súa característica asa. Esta asa, que une o bordo e a barriga, pode ter sección plana, redondeada ou ter rebordos laterais.

Polo exterior, soen presentar alisadamentos simples, aínda que nalgúns ocasións, tamén aparecen exemplares con espatelados (habitualmente espatelado horizontal no colo e/ou vertical na barriga) ou cordóns plásticos de sección triangular. É posible que estas vasillas puidesen ter decoración doutro tipo, particularmente motivos estampados. Non obstante, debido á alta fragmentación dos conxuntos, o escaso índice de colaxe e que normalmente os fragmentos decorados soen gardarse por separado, non podemos documentar

ningún exemplar desta forma con decoración estampada. Segundo a curvatura dos fragmentos decorados, se efectivamente pertencesen a estas vasillas, a decoración estaría situada na parte alta das barrigas.

As olas con perfís en «S» son unha forma moi habitual nos contextos do cambio de era do medio Miño, chegando a supoñer ata un 40% das formas identificadas. É, polo tanto, un dos tipos máis utilizados, quizais pola súa versatilidade. En canto á variante con asa á que pertence a peza estudada, tamén é frecuente na época, especialmente en xacementos da contorna do Miño. Con todo, a súa identificación pode presentar problemas se non conseguimos vincular a asa ao resto do corpo.

### Paralelos

Encontramos pezas similares á que aquí analizamos noutros xacementos do Miño, ademais de San Cibrao de Las, como Louredo ou Coto do Mosteiro, así coma formas semellantes en Fozara, Troña ou Trega.

### Cronoloxía

As olas con perfís sinuosos aparecen dende os primeiros momentos da Idade do Ferro, sendo a «vasilla castrexa» por excelencia. Está presente en todos os nosos contextos e parece unha forma moi estendida entre o século I a. C. ata inicios do século II d. C.

En canto ao contexto de aparición desta peza que aquí tratamos, as cerámicas que aparecen vinculadas a ela remítennos a un momento entre finais do século I a. C. e mediados do século I d. C. A asociación entre Haltern 70 e TSI é habitual en contextos de época de Augusto e inicios de Tiberio. Outros materiais como as moedas (que non superan o reinado de Tiberio) ou a cerámica de produción local ou rexional (xerriñas, fontes, ánforas de fondo plano, etc.) levaríannos tamén a un século I avanzado, aínda que pola ausencia de TSSG ou TSH dedúcese que este momento é moi vago ou breve.

### Lugar de conservación

A peza pertence aos fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, onde figura rexistrada co número de inventario DX0044/26.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Alba Antía Rodríguez Nóvoa


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021

 galicia

 XUNTA DE GALICIA